

# INFORME DE SEGUIMIENTO E RESULTADOS DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL E ATENCIÓN AS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

(PAT-ANEAE)

CURSO 2021/2022

<i>I. INFORMACIÓN XERAL</i> .....	2
<i>II. COORDINACIÓN</i> .....	2
<i>III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN</i> .....	2
<i>IV. TITORES(AS)</i> .....	3
<i>V. TUTORIZACIÓN</i> .....	4
• GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS: .....	4
• GRAO EN DEREITO:.....	5
• DOBRE GRAO ADE-DEREITO:.....	6
• CURSO PONTE RRLI: .....	7
• MESTRADO EN AVOGACÍA: .....	8
• MESTRADO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL: .....	9
• MESTRADO DE MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN E CONFLICTO SOCIAL:.....	10
• PROGRAMA PIUNE:.....	11
<i>CRONOGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DO PAT-ANEAE: ORIENTA-T</i> .....	12
<i>VI. ENQUISAS</i> .....	14
<i>VII. CONCLUSIÓNS</i> .....	15
<i>VIII. ANEXO: RESULTADOS DAS ENQUISAS</i> .....	16
• GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS: .....	16
• GRAO EN DEREITO:.....	17
• DOBRE GRAO ADE-DEREITO:.....	17
• MESTRADO EN AVOGACÍA: .....	17
• MESTRADO EN MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN E CONFLICTO SOCIAL:.....	20
• MESTRADO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL: .....	20
• ENQUISA TITORES(AS): .....	20

---

## ***I. INFORMACIÓN XERAL***

Centro/s	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Universidade de Vigo
Denominación do/s título/s	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos Grao en Dereito Dobre Grao ADE-Dereito Mestrado en Avogacía Mestrado en Xestión e Dirección Laboral Mestrado de Menores en situación de desprotección e conflito social
Curso	2021/2022

---

## ***II. COORDINACIÓN***

Coordinador/a do PAT-ANEAE	Regina Ibáñez Paz
----------------------------	-------------------

---

## ***III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN***

Dacordo ao Plan establecido, dende a Coordinación do Plan de acción titorial (PAT), se definen as diferentes reunións colectivas dos/as titores/as cos seus estudantes, a razón de dúas por curso académico, como recomendación, e sen perxuício das reunións individuais que foran requeridas polos/as estudantes ou da consideración por parte da persoa que titoriza dun número máis elevado de encontros. Facilitase ademáis a información útil para o estudantado relacionada cos diferentes servizos da Universidade, a trasladar na primeira das reunións grupais.

A primeira reunión estudantado-titores/as tivo lugar durante o primeiro cuadrimestre do curso 2021/2022. Nela, era tarefa de cada titor/a informar sobre os plans de estudos, as saídas profesionais, os principais servizos universitarios e as actividades de formación, culturais e deportivas coas que conta a Universidade.

Por outra banda, e en segundo lugar, a finais do segundo cuadrimestre, os/as titores/as realizaron maioritariamente alomenos unha reunión colectiva final, na que intercambiaron co estudantado os

seus pareceres acerca do desenvolvemento do PAT, as debilidades detectadas, dificultades que atoparon, posibles suxestións, etc.

Por outra banda, o PAT serviu de canle de comunicación para facer chegar ao alumnado cuestións de interese específica (en determinados cursos e titulacións) ou xeral (para todos os cursos e titulacións).

- De interese específica: Información sobre TFG ou TFM, programas de intercambio ou preinscripción en mestrados, entre outras.
- De interese xeral: Información institucional relativa a convocatorias ou programas, información sobre actividades da Facultade de especial relevancia.

Asimesmo, ao remate do curso púxose a disposición do estudantado, a través das plataformas Faitic ou Moovi, unha enquisa anónima cuxos resultados se evidencian neste informe.

---

#### ***IV. TITORES(AS)***

Pode consultarse, na seguinte táboa, a relación de persoas que desempeñaron a tarefa de titorización para as diferentes titulacións con docencia na Facultade. Indicar tamén que, para o curso 2021/2022, mantense o curso ponte como un ítem específico, polo número de persoas matriculadas e a súa singularidade.

<b>TITULACIÓN</b>	<b>TITOR(A)</b>
Grao en Dereito	Pablo Fernández Carballo-Calero
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	José Ramón Rodríguez Lago
Dobre Grao ADE_Dereito	Tamara Álvarez Robles
Mestrado en Menores	Teresa Estévez Abeleira
Mestrado en Avogacía	Ángel Mariño de Andrés e Teresa Martínez Táboas
Mestrado en Dirección e Xestión Laboral	Alexandre Pazos Pérez
Curso ponte RRLL e RRHH	José Carlos Orge Míguez

---

## V. TITORIZACIÓN

As tarefas de titorización desenvolvidas son as que se recollen a continuación, para as diferentes titulacións.

---

- **Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:**

---

**Titor:** José R. Rodríguez Lago

**Datas:** Reunión grupal en outubro de 2021.

O luns 18 de outubro de 2021 o titor informou a todo o alumnado por FAITIC da celebración dunha primeira reunión informativa do PAT en modalidade grupal e presencial que tivo lugar nas seguintes datas:

- 1º curso: Luns 25 de outubro de 11:30 a 12:00.
- 2º curso: Luns 25 de outubro de 10:00 a 10:30.
- 3º curso: Mércores 27 de outubro de 10:45 a 11:15.
- 4º curso: Martes 26 de outubro de 17:00 a 17:30

Trasládóronse as informacións de carácter xeral sobre o PAT, pero non xurdiron cuestións específicas por parte do alumnado.

Durante o curso, o Titor trasladou os catro cursos a través da plataforma dixital Faitic e do correo as diversas propostas de información ó alumnado, trasladadas previamente polo Equipo Decanal. Entre outras: Vías de emprego en Institucións internacionais (2 de novembro), Curso de verán na Academia de Dereito Internacional (3 de novembro), Programa ECI: From A to Z (26 de novembro), Mobilidade Erasmus (10 de decembro), Programa ISEP (15 de decembro), Convocatoria ERASMUS (22 de decembro), Curso de Inglés (13 de xaneiro), Información sobre as Prácticas de Empresa (10 de marzo), Xornada sobre TFGs e itinerarios (31 de marzo), Feira de emprego (22 de abril), Programa Young Women in Investment (4 de maio), Bolsas de Posgrao (4 de maio).

O Titor recibiu e respondeu consultas e propostas efectuadas por 5 alumnos/as a través do seu correo electrónico. As temáticas de tales consultas foron: As relacionadas con os TFGs e as Prácticas de Empresa (alumnado de 4º curso), As relacionadas con propostas de modificación de Horarios (14 de febreiro), As relacionadas con cuestións sanitarias (3 de febreiro e 6 de marzo). O Titor respondeu ás consultas e trasladou as cuestións pertinentes a:

- Coordinadora de Grao.
- Coordinadora do PAT.
- Equipo Decanal.
- Secretaría de alumnos.

O 18 de maio de 2021, o Titor informou ao alumnado da conveniencia de cubrir as Enquisa de satisfacción das materias e do PAT. A instancias da coordinadora do PAT, volveu facer o mesmo o 30 de xuño.

---

- **Grao en Dereito:**

---

**Titor:** Pablo Fernández Carballo-Calero

**Datas:** Primeira reunión grupal en outubro de 2021. Unha reunión grupal de seguimento en abril de 2022.

A primeira reunión, foi celebrada nas datas 25 e 26 de outubro de 2021

Asistentes:

- 1º Curso: 30 persoas aprox.
- 2º Curso: 50 persoas aprox.
- 3º Curso: 30 persoas aprox.
- 4º Curso: 50 persoas aprox.

Nestas xuntanzas explícase aos asistentes en qué consiste o PAT e cales son as funcións que asume a persoa que titoriza. Tamén anticipase a celebración dunha segunda reunión a mediados do 2º cuadrimestre e a posibilidade de que o alumnado solicite tutorías individuais ao longo do curso cando o estime preciso.

- Na reunión de 1º e 4º curso o alumnado salienta a necesidade de que o profesorado respete un tempo de descanso entre clase e clase.
- Na reunión de 2º curso non houbo comentarios
- Na reunión de 3º curso expuxéronse desacordos en relación a as prácticas e a obrigabilidade de desenvolver contidos nalgunhas materias.

A segunda reunión, foi convocada o 25 de abril

Asistentes:

- 1º Curso: 0 persoas
- 2º Curso: 0 persoas
- 3º Curso: 1 persoa
- 4º Curso: 0 persoas

A única persoa asistente á reunión manifestou que todo funcionaba correctamente na planificación e desenvolvemento da docencia no 3º curso do Grao en Dereito.

Planificouse una data alternativa, una nova reunión na data do 26 de abril de 2022 ás 16h. Nesta ocasión asistiu 1 estudante de 1º curso que prantexou unha serie de cuestións a mellorar. Nembargantes, aínda que comprometeuse a achegalas por escrito, non o fixo. Tamén asistiu 1 estudante de 4º curso do Grao en Dereito que non achegou ningún comentario.

Por último, en relación a primeiro curso, chegou con posterioridade un escrito para facer constar a carga, na súa opinión excesiva, de traballos e prácticas no tramo final do curso.

---

- **Dobre Grao ADE-Dereito:**

---

**Titora** (Dereito): Tamara Álvarez Robles

**Datas:** Primeira reunión grupal en setembro/outubro de 2021. Unha reunión grupal de seguimento en maio de 2022.

Tiveron lugar as primeiras reunións grupais nas seguintes datas:

- 1º Curso: 27 de outubro de 2021, 19 asistentes.
- 2º Curso: 29 de setembro de 2021, 13 asistentes.
- 3º Curso: 4 de outubro de 2021, 21 asistentes.
- 4º Curso: 21 de setembro de 2021, 9 asistentes.
- 5º Curso: 4 de outubro de 2021, 14 asistentes

Nestas xuntanzas preséntase a titora e explícanse aos asistentes os obxectivos, contido e actividades do PAT e cales son as funcións que asume a persoa que titoriza. Engádesse tamén a información sobre os diferentes servizos cos que conta a Universidade para atender as súas necesidades. Pégase que, para comunicacións que requiran dunha maior premura, se facilite o nome da persoa que resulte elixida como delegada en cada curso. Pregúntase, por outra banda, se existe algún problema ou circunstancia que requira a intervención da titora. En relación a isto último, somentes se comunican dúas cuestións:

- Na reunión co grupo de primeiro curso comentan problemas coa temperatura da aula.
- Na reunión de terceiro curso, comentan non ter recibido comunicación en relación a algúns dos eventos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Co compromiso de atender á posible solución ás cuestións formuladas, rematan as sesións coa comunicación da titora da súa disposición para atender individualmente as persoas que así o precisen, por medio do enderezo electrónico ou ben por medio da celebración dunha tutoría individual.

Celebráronse reunións grupais de seguimento nas seguintes datas:

- 2º Curso: 10 de maio de 2022, 17 asistentes.
- 3º Curso: 9 de maio de 2022, 29 asistentes.
- 4º Curso: 9 de maio de 2022, 8 asistentes.
- 5º Curso: 10 de maio de 2022, 26 asistentes.

O obxectivo das xuntanzas de seguimento a o de averiguar se se teñen solventado problemas anteriores e o de recoller novos problemas ou inqedanzas. En case todas as reunións grupais celebradas, o alumnado solicita que se estableza unha semana de diferenza entre o remate das clases e o comezo dos exames. Ademáis, comunícanse as seguintes cuestións:

- Na reunión co grupo de segundo curso solicitan que se mellore o servizo de reprografía e indican a falta de comunicación entre a persoa delegada e o resto do alumnado en relación as cuestións do PAT. Tamén hai queixas relativas a distintas materias porque o profesorado que corrixe os exames non é o mesmo que impartiu a docencia.

- Na reunión co grupo de terceiro curso, comunican o seu malestar polo examen dunha das materias, de difícil visualización e con pouco tempo para resolvelo. Solicitan sexa entregado en formato de papel.
- Na reunión co grupo de cuarto curso, piden se reduza o número de sesións, teóricas ou prácticas, con duración superior a dúas horas.

Nas xuntanzas lémbrese tamén a dispoñibilidade das enquisas docentes e a necesidade de cumprimentalas. Indícase tamén a conveniencia de participar nas enquisas de avaliación do PAT.

Ademáis das reunións grupais celebradas durante o curso académico e as sucesivas comunicacións por parte da titora, celebrouse unha única tutoría individual con un alumno co obxecto de tratar un problema concreto de alternativa de proba de avaliación derivado de ausencia por causa médica debidamente xustificada.

---

- **Curso ponte RLL:**

---

**Titor:** José Carlos Orge Míguez

**Datas:** Primeira reunión grupal en outubro de 2021. Dúas reunións grupais de seguimento en decembro de 2021 e maio de 2022.

No primeiro cuadrimestre celebráronse dúas reunións presenciais do PAT do Curso Ponte coa asistencia dos mesmos seis alumnos en cada unha delas. Tiveron lugar, concretamente nas datas do 14 de outubro e o 2 de decembro de 2021. As cuestións que se trasladaron ao titor nesas reunións foron:

- Convalidación de materias doutros títulos. A maioría dos alumnos presentaran solicitudes de validación e, despois de máis de tres cuartos do período lectivo, aínda non tiveran resposta.
- Consideración de non idoneidade do docente encargado dunha materia concreta.
- Queixas sobre descoordinación noutra materia á hora de avaliar. Docentes distintos para a mesma materia con niveis de esixencia totalmente distintos.

No segundo cuadrimestre tivo lugar unha última reunión grupal presencial do PAT, o 21 de maio de 2022, coa asistencia de catro estudantes. Os asuntos tratados foron:

- As convalidacións tiñan sido informadas. Nalgún caso negativo discrepaban do criterio aplicado, pero foi asumido.
- No segundo cuadrimestre ningunha materia presentaba ningunha controversia.
- A valoración xeral en relación ao curso é positiva.

- 
- **Mestrado en avogacía:**
- 

**Titores/as:** Angel Mariño de Andrés e Teresa Martínez Táboas

**Datas:** Primeira reunión grupal en novembro de 2021. Unha reunión grupal de seguimento en abril de 2022.

A primeira reunión grupal tivo lugar o 29 de novembro de 2021. Nela, o alumnado de ambos grupos solicitou a utilización das plataformas informáticas da Uvigo para a entrega de traballos e prácticas, así como para informar dos cambios de clase ou calquera outra cuestión.

Tamén no primeiro cuadrimestre, o 11 de febreiro de 2022, os titores do PAT realizaron a titoría a través de plataforma de teledocencia FAITIC abrindo un prazo, do 8 ao 12 de febreiro, para que os estudantes comunicasen a través deste medio as incidencias e/ou suxestións. Finalizado o prazo, os titores non recibiron ningunha comunicación ao respecto.

No segundo cuadrimestre celebrouse a segunda reunión grupal presencial de seguimento, o 27 de abril de 2022. Nesta data foi un número moi reducido de estudantes o que acudiu á reunión, por coincidir coa feira de emprego. Os titores do PAT abriron un exercicio en FAITIC para que, nun prazo de 48 horas, subisen á devandita plataforma os comentarios que considerasen pertinentes. Foron aportadas as seguintes consideracións:

- En primeiro termo, referencia a certos problemas técnicos que da aula do ICA na que se imparte o Máster (poucos enchufes, pantalla na que se proxecta a presentación do profesor con pouca calidade de visión).
- En segundo termo, consideran necesario ampliar a docencia de procesal laboral e destacan o excesivo nivel das prácticas solicitadas na materia de dereito tributario.

Na data do 31 de maio de 2022, os titores do PAT realizaron unha última titoría a través de plataforma de teledocencia FAITIC, abrindo un prazo, do 31 de maio ao 8 de xuño, para que os estudantes comunicasen a través deste medio as incidencias e/ou suxestións que estimasen pertinentes. Nesta ocasión manifestan, fundamentalmente, a súa protesta pola escasa ou nula valoración do esforzo daqueles estudantes que realizaron e entregaron as prácticas esixidas nas diferentes materias.

Todas as demandas e críticas postas de manifesto polo alumnado no marco do PAT foron analizadas no seo da CAM e acordouse que desde a coordinación se enviase un correo electrónico ao profesorado afectado co fin de advertir destas debilidades e establecer a posible solución. Así se fixo por medio dun correo electrónico enviado a todo o profesorado ao comezo do actual curso

Ademais, atendéronse e solventáronse as dúbidas plantexadas polo alumnado de xeito individual, ben presencialmente ou online e aclaráronse dúbidas formais sobre as Prácticas Externas.

Asemade, o PAT foi tamén o canal de difusión das enquisas das titulacións oficiais para favorecer a participación do alumnado. Tamén difundíronse aquelas accións de interese para o alumnado, como convocatorias de bolsas, feira de emprego, etc.



**Titor:** Alexandre Pazos Pérez

**Datas:** Primeira reunión grupal en outubro de 2021. Unha reunión grupal de seguimento en marzo de 2022.

Na data do 14 de outubro de 2021, ás 16h, levouse a efecto unha primeira reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, cunha duración aproximada de 30 minutos.

Na reunión o Coordinador-titor preguntoulle ao estudantado se había algunha incidencia manifestando o alumnado:

- Que sufriron un cambio no calendario dunha materia.

O coordinador explicoulles que foi un cambio puntual polo falecemento dun familiar dun profesor, pero que calquera cambio no calendario débese aprobar nunha Comisión Académica do Máster e informárase procedentemente.

Na reunión estiveron presentes 21 estudantes que manifestaron que:

- A coordinación das materias entre o profesorado responsable é boa.
- Todo o profesorado estaba a fornecelles a documentación necesaria e adaptando as clases á modalidade virtual sen maiores incidencias.

Por último, o Coordinador-Titor informa que o vindeiro mércores 20 de outubro de 2021 vai iniciar o procedemento de elaboración dos Traballos de Fin de Máster mediante as propostas e asignación de Traballos.

Na data do 16 de marzo de 2022, ás 16h, levouse a efecto unha segunda reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, con 23 estudantes presentes, cunha duración aproximada de 45 minutos.

Na reunión o Coordinador-titor preguntoulle ao estudantado se había algunha incidencia manifestando o alumnado:

- Que a carga docente dalgunhas materias é demasiado ampla. O coordinador-titor toma nota e transmite esta información aos profesores aludidos.
- Petición para que o profesorado colgue os materiais docentes con antelación suficiente respecto da data do exame, para permitir o seu estudo previo ao exame. O coordinador comprométese en transmitir esta información a todos os coordinadores de materias do Máster.
- Suxerencia para que as materias impartidas por un só profesor sexan impartidas por máis docentes, especialmente por docentes profesionais externos á Universidade de Vigo.
- Os alumnos preguntan sobre o sistema de asignación das empresas para facer as prácticas externas e sobre o sistema de asignación de titor e tema para o TFM. Infórmaselles de todo iso e indícaselles que nos próximos días a profesora Rosa Rodríguez, titora de ambas as materias, baixará á aula para darlles unha explicación máis exhaustiva e resolver dúbidas.

Posteriormente, no mes de xuño realizouse unha enquisa final de valoración do PAT de forma telemática mediante a plataforma MooVi, no que tan só participaron tres estudantes, polo que as respostas non se poden cualificar de representativas. Con todo, as respostas son variadas. Comunicouse previamente por correo electrónico ao alumnado mediante a plataforma MooVI, a necesidade de realizar a devandita enquisa mediante a correspondente publicidade da mesma.

Por último, o Coordinador-Titor distribuíu entre o alumnado unha enquisa sobre os factores que inflúen na elaboración e presentación dos Traballos de Fin de Máster elaborado na Comisión Interuniversitaria do Máster en Xestión e Dirección Laboral.

---

- **Mestrado de Menores en situación de desprotección e conflito social:**

---

**Titora:** Teresa Estévez Abeleira

**Datas:** Primeira reunión grupal en outubro de 2021. Unha reunión grupal de seguimento en febreiro de 2022.

En canto ás reunións de grupo, foron especialmente interesantes e proveitosas porque nelas se trasladaron á titora do PAT as dúbidas, inquiredanzas, problemas ou suxestións que tiveron os alumnos e alumnas sobre o avance do Título.

En concreto, na reunión do 21 de outubro de 2021, a titora informou ao alumnado sobre as funcións e obxectivos do PAT e instoulles a informar sobre as dificultades ou problemas que poideran xurdir no primeiro mes de impartición do Máster. Un alumno preguntou polo sistema de cualificación das distintas materias; outra polas porcentaxes de asistencia presencial necesarias para poder ser avaliados nas distintas materias; e outra para a posible asistencia telemática de forma oportuna. A titora do PAT deu resposta completa a todas estas preguntas.

Por outra banda, na reunión celebrada o 17 de febreiro de 2022, as 13 persoas asistentes manifestaron que non tiñan dificultades e que o curso desenvolvíase con normalidade. Aínda así, a titora explicou polo miúdo todo o proceso de depósito e defensa do TFM, e púxose a disposición do alumnado para prestarlles toda a axuda que precisaran.

2. En canto ás comunicacións mantidas co alumnado, foron constantes e realizadas co obxectivo de informar puntualmente sobre calquera cuestión que puidese ser de interese xeral, en concreto, para acollelos ao Mestrado en Menores; convocalos á primeira e segunda reunión do Plan de Acción Titorial; animalos a realizar a enquisa de satisfacción da titulación e a participar na Feira Emprego InCampus 2022; tamén para darlles información sobre diferentes bolsas, e sobre ofertas de prácticas en organizacións europeas. Finalmente, animarlles a cubrir o cuestionario de avaliación final do Plan de Acción Titorial durante o curso 2021/2022.

Así mesmo, todas as dúbidas e preguntas particulares formuladas polo alumnado foron respondidas por correo electrónico.

---

- **Programa PIUNE:**

---

A UNATEN, oída a Comisión Técnica de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (COATEN), é a encargada de elaborar e facer chegar á coordinadora xeral do PAT, os Plans de Atención Individualizada das persoas inscritas no programa PIUNE, a fin de favorecer a integración e igualdade de oportunidades de todo o alumnado. As pautas a aplicar, en cada caso particular, son establecidas polo Gabinete Psicopedagóxico.

No curso 2021/2022, sete persoas entre o alumnado da Facultade figuraban inscritos no programa PIUNE, nas titulacións de Grao en Dereito (3), Grao en Relacións Laborais (3) e Mestrado en Avogacía (1). En relación á atención ás necesidades educativas específicas deste alumnado compre sinalar:

- As pautas de atención individualizada remitidas pola UNATEN e dictadas polo Gabinete Psicopedagóxico, foron enviadas ao profesorado para a súa aplicación. As variacións nestas pautas de actuación, que nalgún caso aconteceron ao longo do curso, foron debidamente comunicadas no momento da súa recepción.
- A resposta do profesorado, segundo reflexa o propio alumnado é satisfactoria. Non houbo comunicación de ningunha obxección en relación ás pautas establecidas polo Gabinete Psicopedagóxico en cada caso.
- Para dúas persoas en particular, contouse coa asistencia dun titor individual así como a asistencia de becarios de apoio. A labor de titorización foi desenvolvida nestes casos polos profesores Ángel Mariño de Andrés e Aday Jiménez Alemán. Foi precisa tamén asistencia á mobilidade para unha persoa inscrita no programa.
- A obriga de manter contacto a través do enderezo institucional segue a provocar retrasos nas respostas recibidas. Unha boa parte do alumnado refire non utilizar de forma continuada dito enderezo.

Os apartados recollidos no presente punto V do informe, refírense ata aquí ás actividades desenvolvidas polas persoas titoras nos cursos respectivos e nas respectivas titulacións.

Asemade, ademáis da tarefa desempeñada polos titores e titoras, compre sinalar tamén outras actividades de orientación ao estudantado que, ao longo do curso, veñen desempeñándose no Centro enmarcadas na acción titorial e cuxa cronoloxía aparece desglosada nas táboas que figuran a continuación:

### Cronograma de desenvolvemento do PAT-ANEA: ORIENTA-T

Actuacións de acollida e presentación		
Actividade	Persoas Destinatarias	Data, hora, lugar
<b>Xornadas de benvida</b>	Alumnado de 1º de Grao en Dereito	06/09/2021, 9:45 horas Aulas B5 e C1 F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Grao en RRL e RRHH	06/09/2021, 9:45 horas Aulas B3 e B1 F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Mestrado en Avogacía	VIGO: 14/10/2021, 16:00 horas Ilustre Colexio de Avogados de Vigo PONTEVEDRA: 14/10/2021, 18:30 horas Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra
	Alumnado de 1º de Mestrado en Menores	23/09/2021, 16:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Mestrado en Dirección e xestión laboral	22/09/2021, 16:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo

<b>Ciclos de conferencias, seminarios e xornadas</b>		
<b>Actividade</b>	<b>Persoas Destinatarias</b>	<b>Data, hora, lugar</b>
<b>Feira Emprego inCampus</b>	Alumnado xeral en	27-28/04/2022, de 10:00 a 19:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo e F. Ciencias Económicas e Empresariais
<b>Foro de orientación laboral no sector marítimo e portuario</b>	Todo o alumnado do centro	10/05/2022, 16:45 horas Salón de Graos F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
<b>Sesión informativa: Actividades e oportunidades de colaboración/voluntariado</b>	Todo o alumnado do centro	07/04/2022, 12:30 horas Salón de Graos F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
<b>A cooperativa como fórmula de autoemprego</b>	Todo o alumnado do Centro	11/05/2022, 11:00 horas Sala de Videoconferencias F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
<b>Actuacións de apoio e seguimento</b>		
<b>Actividade</b>	<b>Persoas Destinatarias</b>	<b>Data, hora, lugar</b>
<b>Xornada 3.0 de ordenación académica: optatividade, TFG e itinerancia.</b>	Alumnado 3º	31/03/2022, 13:00 horas Salón de Graos F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
<b>Curso: Como afrontar o teu traballo de fin de grao</b>	Alumnado matriculado na materia TFG	02/02/2022, 13:30 horas Salón de Graos e campus remoto F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
<b>Xornada 2.0 sobre programas de mobilidade</b>	Alumnado 2º e 3º	10/12/2021, 13:00 horas Salón de Graos. F. Ciencias Xurídicas e do Traballo.

---

## *VI. ENQUISAS*

Ao remate do curso académico púxose a disposición do alumnado unha enquisa final destinada a valorar o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e o grao de cumprimento dos seus obxectivos. Por outra banda, púxose tamén unha segunda enquisa de satisfacción a disposición das persoas encargadas da tarefa de titorización das diferentes titulacións.

En relación á enquisa do estudiantado, a escasísima ou absolutamente nula participación que un ano máis recolleemos, fai que non poidan considerarse un mecanismo axeitado de análise e avaliación do PAT. Os resultados poden consultarse no Anexo. A participación é moi reducida ou incluso inexistente en todos os cursos e en todas as titulacións. Non é posible contrastar as respostas polo tamaño da mostra obtida.

En calquera caso, o simple feito da falta de interese por parte do alumnado é un síntoma máis de que a ferramenta do PAT é francamente mellorable. Así entrevese tamén nas escasas respostas obtidas.

Por outra banda, non foi máis elevada a participación das persoas encargadas da titorización na enquisa final destinada a elas. Dun total de 6 titores(as), únicamente a cumprimentaron 2.

Debido á repercusión que, no Sistema de Garantía Interno de Calidade, supón a participación nos procesos de avaliación de plans e procedementos, compre reflexionar sobre o xeito de mellorar esta cuestión. É importante tomar conciencia sobre esta problemática, por en práctica os mecanismos de avaliación máis axeitados, nas datas máis propicias e incidir na relevancia de formar parte da avaliación do sistema.

---

## *VII. CONCLUSIONES*

A visibilidade e utilidade do PAT non alcanza todavía obxectivos satisfactorios. A participación do alumnado, a implicación do profesorado e o desenvolvemento do PAT, tamén amosa ser mellorable.

En canto ás enquisas ao estudantado, nas suxestións se fala de sesións do PAT máis efectivas, que consigan mellorar as demandas ou inquiredanzas dos estudantes no mesmo momento no que son detectadas. Polo tanto, novamente, se demanda maior compromiso coas súas necesidades.

Semella que PAT debería ser unha ferramenta útil de mediación e comunicación co alumnado pero consolidar a conciencia da súa utilidade, non so en casos de emerxencia, senón para a mellora continua da práctica educativa de profesorado e alumnado segue a ser un reto a acadar para o futuro.

En canto ás propostas, analizados os informes e as enquisas, se sinalan as seguintes:

- **É preciso intensificar o traballo de coordinación do PAT, na procura dunha maior e mellor visibilidade do PAT como instrumento útil para mellorar a docencia.**
- **É preciso otorgar un maior número de horas ao profesorado encargado da titorización. É preciso tamén un traballo conxunto coa coordinación dos títulos, a quen corresponde solventar as cuestións relativas á docencia. O alumnado ten que distinguir os diferentes ámbitos dende os que se incide na calidade das titulacións.**
- **É preciso incentivar a participación nas enquisas de satisfacción, como mecanismo de mellora do Plan. A día de hoxe, segue a constatarse unha nula participación nas enquisas finais. Este feito fai imposible contrastar opinións e ter unha idea máis axeitada sobre as posibilidades de mellora na súa implantación. Haberá que valorar a data máis axeitada para lanzar a enquisa, difundila axeitadamente e animar ao alumnado a formar parte da ferramenta. Tamén, e dado o escaso interese que desperta este xeito de avaliación, sería interesante valorar se é posible artellar algún método alternativo para coñecer o grao de satisfacción no desenvolvemento do Plan.**
- **Sería convinte valorar tamén se é convinte unha enquisa adicional para valorar a atención ás necesidades educativas específicas. As características singulares desta parte do PAT poden requirir dunha análise adicional que valore o grao de satisfacción entre o alumnado acollido ao Plan Piune. No curso 21/22 a valoración deste Plan foi recollida por medio do correo electrónico. Aínda que a valoración é positiva, quizás o feito de que non se recolla de xeito anónimo sesga un pouco o seu resultado.**

## VIII. ANEXO: RESULTADOS DAS ENQUISAS

### • Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:

A enquisa foi facilitada a través da plataforma Faitic, para ser cumprimentada de xeito anónimo. A plataforma recolleu unha única resposta entre o estudiantado de segundo curso. Non se recolleron respostas no resto dos cursos da titulación.

#### 2º CURSO:

Enquisa anónima para a avaliación do desenvolvemento e utilidade do Plan de Acción Titorial.		
Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Insuficiente	1	100.00 %
Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Mala	1	100.00 %
En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Nada	1	100.00 %
Valore o grao de utilidade do PAT		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Nada	1	100.00 %
Que aspectos cree que deben abordarse no desenvolvemento do PAT?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
De todo tipo	1	100.00 %
En que aspectos académicos preferiría que se centrase a función docente titorial?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Todas as anteriores	1	100.00 %
Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron as axeitadas?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non	1	100.00 %
Tempo medio adicado diariamente ao estudo		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Tres horas	1	100.00 %
Asistiu regularmente ás clases?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Si	1	100.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	100.00 %
Asistiu ás titorías programadas?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Si	1	100.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	100.00 %
Considera axeitado o sistema de seguimento?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non	1	100.00 %
Que eliminaría do PAT?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	100.00 %
Que engadiría?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	100.00 %



---

- Grao en Dereito:

---

A enquisa foi enviada a través da plataforma Faitic ao alumnado. Tiveron a posibilidade de cubrila e entregala no casilleiro do coordinador. Maila ter recibido mensaxes animando á formar parte do proceso de avaliación, ningunha persoa participou na enquisa e non se recolleu ningunha resposta ou suxerencia.

---

- Dobre Grao ADE-Dereito:

---

Recolléronse únicamente 7 enquisas, manualmente cumprimentadas e depositadas no casilleiro da titora da titulación. É polo tanto imposible encuadrar estas enquisas dentro dun grupo en concreto.

Nestas enquisas, en relación ás respostas obtidas:

- Na valoración da información e documentación previa ofrecida polo PAT, as 7 consideran foi suficiente.
- Na avalación da organización e coordinación das diferentes actividades desenvolvidas no PAT\_ANEAE, as 7 a califican de boa.
- Respecto ao grao en que o desenvolvemento do PAT deu resposta ás expectativas, 5 sinalan que bastante e 2 que moito.
- Na valoración do grao de utilidade do PAT, 4 consideran que é bastante útil e 3 que moito.
- As 7 enquisas sinalan que as datas establecidas para as actividades do PAT foron axeitadas.
- As 7 consideran tamén axeitado o sistema de seguimento.

---

- Mestrado en Avogacía:

---

Recolléronse un total de 8 enquisas, 3 e 5 respectivamente, nos diferentes cursos. As escasas respostas resultan bastante dispares e son as que se amosan a continuación:

Preguntas	Alumno1	Alumno2	Alumno3
Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT	Suficiente	Suficiente	Suficiente
Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT	Boa	Boa	Boa
En que grao o desenvolvemento do PAT resposdeu ás súas expectativas?	Pouco	Bastante	Bastante
Valore o grao de utilidade do PAT	Pouco	Bastante	Bastante
Que aspectos cree que deben abordarse no desenvolvemento do PAT?	Académicos	De todo tipo	De todo tipo
En que aspectos académicos preferiría que se centrara a función docente tutorial?	Metodoloxía	Todas as anteriores	Todas as anteriores
Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron as axeitadas?	Si	Si	Non
Tempo medio adicado diariamente ao estudo	Dúas horas	Máis de tres horas	Máis de tres horas
Asistiu regularmente ás clases?	Si	Si	Si
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?			
Asistiu ás titorías programadas?	Si	Non	Si
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?		No fue necesario	
Considera axeitado o sistema de seguimento?	Non	Si	Si
Que eliminaría do PAT?			
Que engadiría?	Que las propuestas o quejas que se hacen en el primer cuatrimestre sobre el curso se traten de solucionar para el segundo cuatrimestre, sin embargo no ha sido así.		

Preguntas	Alumno1	Alumno2	Alumno3	Alumno4	Alumno5
Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT	Insuficiente	Insuficiente	Suficiente	Suficiente	Suficiente
Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT	Mala	Mala	Boa	Boa	Boa
En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?	Pouco	Pouco	Nada	Bastante	Bastante
Valore o grao de utilidade do PAT	Pouco	Nada	Nada	Bastante	Bastante
Que aspectos cree que deben abordarse no desenvolvemento do PAT?	De todo tipo	De todo tipo	De todo tipo	De todo tipo	De todo tipo
En que aspectos académicos preferiría que se centrara a función docente tutorial?	Todas as anteriores	Metodoloxía	Todas as anteriores	Todas as anteriores	Todas as anteriores
Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?	Non	Non	Si	Si	Non
Tempo medio adicado diariamente ao estudo	Máis de tres horas	Menos dunha hora	Menos dunha hora	Menos dunha hora	Menos dunha hora
Asistiu regularmente ás clases?	Si	Si	Si	Si	Si
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?					
Asistiu ás titorías programadas?	Si	Si		Si	Non
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?					
Considera axeitado o sistema de seguimento?	Non	Non		Si	Si
Que eliminaría do PAT?					
Que engadiría?					

- 
- Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social:
- 

A enquisa foi enviada a través da plataforma Faitic ao alumnado. Tiveron a posibilidade de cubrila de xeito manual e entregala no casilleiro do coordinador ou de xeito online na propia plataforma. Maila ter recibido mensaxes animando á formar parte do proceso de avaliación, ningunha persoa participou na enquisa e non se recolleu ningunha resposta ou suxerencia.

- 
- Mestrado en Xestión e Dirección Laboral:
- 

Recolléronse únicamente 3 enquisas a través da plataforma Faitic.

Nestas enquisas, en relación ás respostas obtidas:

- Na valoración da información e documentación previa ofrecida polo PAT, unha considera foi suficiente mentres que dúas a consideran insuficiente.
- Na avalación da organización e coordinación das diferentes actividades desenvolvidas no PAT\_ANEAE, somentes una a califica de boa en tanto que as outras dúas a califican de mala e moi mala.
- Respecto ao grao en que o desenvolvemento do PAT deu resposta ás expectativas, novamente tres respostas distintas: pouco, bastante e nada.
- Na valoración do grao de utilidade do PAT, unha o considera que bastante útil e outra que pouco.
- Dúas enquisas sinalan que as datas establecidas para as actividades do PAT foron axeitadas e unha que non.
- Unha considera axeitado o sistema de seguimento e dúas non.
- En canto ás aportacións se indica nunha das enquisas que debería facilitarse máis información sobre a avaliación das prácticas curriculares e que deberían celebrarse máis reunións. Noutra, ínstase a mellorar a coordinación e o compromiso.

- 
- Enquisa titores(as):
- 

Debido á escasa participación, non poden considerarse un mecanismo axeitado de análise e avaliación. Simplemente sinalar, polo tanto, que ás respostas recollidas valoran como “suficiente” a información ofrecida desde a coordinación, avalían como “boa” a coordinación das diferentes actividades, consideran axeitadas as datas establecidas para as distintas actividades e indican que, dacordo coas experiencias co estudantado, o PAT é “bastante” útil.